

ACTA Nº 05/2013

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA O DÍA 25 DE ABRIL DE 2013.

ORDE DO DÍA

- 1º.- Aprobación das actas das sesións anteriores.
- 2º.- Resolucións da Alcaldía.
- 3º.- Solicitud de concesionaria de revisión prezos públicos do servizo da piscina cuberta municipal do Concello.
- 4º.- Resolución de alegacións e aprobación definitiva da Ordenanza municipal reguladora de terrazas para actividades de restauración.
- 5º.- Inicio de expediente para o nomeamento de D. Roberto González Pastoriza como fillo predilecto de Moaña a título póstumo.
- 6º.- Designación de representante da Corporación no consello escolar do CEIP A Guía.
- 7º.- Resolución de alegacións e aprobación definitiva do Regulamento de organización e funcionamento do punto da atención á infancia (Programa Aquelar) do Concello de Moaña.
- 8º.- Dar conta do informe sobre a execución do Plan de axuste previsto no artigo 7 do Real Decreto Lei 4/2012, de 24 de febreiro.
- 9º.- Dación de contas sobre o Plan Concertado de Servizos Sociais 2013.
- 10º.- Moción do Grupo Municipal do BNG sobre emenda aos orzamentos da Xunta de Galiza para investimentos en Moaña.
- 11º.- Moción do Grupo Municipal do BNG en defensa do servizo de salvamento marítimo da Xunta de Galiza e dos seguros por mal tempo ou accidentes no mar.
- 12º.- Moción da Plataforma en Defensa da Sanidade Pública de Moaña sobre Centro de Alta Resolución do Morrazo.
- 13º.- Moción do Grupo Municipal do BNG sobre reprobación aos deputados/as que aprobaron a quita das participacións preferentes.
- 14º.- Moción do Grupo Municipal do BNG solicitando a comparecencia ante o Pleno do concelleiro delegado de Facenda.
- 15º.- Rogos e preguntas.

Señores/as asistentes:

Sr. Alcalde:

D. José Ferverza Costas

Srs. Concelleiros/as:

Dna. Susana Varela Santiago

D. Jorge Santomé Gestido

D. Angel Manuel González Riobó

Dna. María Colomba López Freire

Dna. Rosa Solla Veiga

D. José Freire Cancelas

Dna. María del Carmen Maya Santomé

Dna. María Martínez Nogueira

Dna. María Beatriz Riobó Rouco

Dna. María Libertad Cruz Couso
Dna. Coral Ríos Santomé
D. Xosé Manuel Millán Otero.
D. Daniel Rodas Chapela
D. Odilo Barreiro Martínez
D. Victor Manuel Pastoriza Lino
Dna. Marta Freire Riobó

Na Casa do Concello de Moaña a 25 de abril do 2013, sendo as 20:05 horas, reúnense os señores/as sinalados baixo da presidencia do Sr. alcalde D. José Ferverza Costas, asistido polo Secretario Accidental do Concello D. Jose Rodriguez Veloso, coa finalidade de celebrar Pleno ordinario, anunciado para o día de hoxe. Cóntase ca presenza entre o público asistente con afectados polas subscricións preferentes e subordinadas.

Os afectados corean diferentes slogans demandando unha solución ao seu problema, facendo sonar bucinas.

O Sr. Alcalde acorda levantar o Pleno, sendo ás vinte horas e vinte minutos do expresado día.

Autorízase a presente acta coa firma do Sr. alcalde e do secretario que dá fe.

Vº PRACE
O ALCALDE

O SECRETARIO